

n14



dl v g el 2013

SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é a Unión Europea?	Redacción.	4
Sabes canto inviste a UE en defensa?	Baladre.	6
"La compleja construcción de la 'Europa' superpotencia."	Lapsus.	7
"Caliban e a bruxa. Mulleres, corpo e acumulación orixinaria."	Cárcere=Tortura.	7
Política enerxética da UE.	Verdegaia.	8
Viñeta.	Casal.	10
Superpoboación e superpoderes.	Juan Pablo Forti.	11
Parche.	Biosvardos.	12
A Boia entrevista a...	Lucía Maina.	14
Portada e Almanaque.	Bort.	

0.50€ n.º 14

Maio-2014

**COLABORA
CONNOSCO!**

aboia.info
revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
200 exemplares.

A boia por Revista A Boia atópase baixo
unha Licencia Creative Commons Atribución-
NoComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:
Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo),
Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo),
Mercado da Tía Ri (Sabarís), Café
Uff (Vigo), Cova dos ratos (Vigo),
Bar Hipólito (Vigo), Tetería
Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo),
Taberna do Jefe (Gangas),
La bolera (Moaña), Rañolas
Café (Gondomar), Casa Colorida
(Nigrán), CS Fuscalho (A Guarda),
Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo),
CS Lume (Calvario), Galería Jazz
(Vigo), Café Bar A Pola (Vigo), La Caja
(Alcabre), Cantina Gandela (Vigo), CSO
Quinta da Carmiña (Vigo).

RECÍCLAME!

EDITORIAL

A construción da Unión Europea actual ten como núcleo central o capitalismo. Todo o edificio da Unión Europea constrúese sobre as directrices neoliberais ditadas pola Troika (Banco Central Europeo, Consello de Europa e Fondo Monetario Internacional).

O ano 2010 foi o ano que se marcou a Unión Europea para rematar coa pobreza definitivamente en Europa, pero a chegada das políticas de recortes en dereitos xustificadas a través da "crise" económica para pagar unha débeda ilexítima creada dende as elites económicas, fan camiñar aos cidadáns e cidadás do continente en dirección contraria. **Europa hoxe conta con 125 millóns de persoas vivindo na pobreza (un 25% da poboación!) dos que 25 millóns son nenos e nenas, e onde se sitúan o 8,9% dos traballadores e traballadoras.**

Pero a UE é cada vez máis determinante nas nosas vidas. A Unión Europea vertébrase a través dun modelo de colonialismo económico que usurpa a soberanía aos estados a través medidas de aforro e recortes, afastando os órganos do poder popular e pousándoos no poder empresarial. Calcúlase que neste momento o 70% das leis polas que se rexen os estados membros teñen a súa orixe directa ou indirectamente na UE. De aí medidas como a modificación do artigo

135 da constitución española aprobada polo PP e o PSOE, o conflito do Tax Lease ou o conflito da cota coa frota pesqueira do cerco.

E perante esta situación a tensión social vai en aumento. Cada día que pasa as mobilizacións, iniciativas e protestas crecen en número e variedade. **A organización popular medra buscando a construción doutra Europa que poña como centro de construción o social, o ecolóxico e a solidariedade entre os pobos e as persoas.** Unha Europa que debe conducirse frontalmente contra o capitalismo e enfrontarse ao mesmo afastándose dos valores de competitividade, delegación das responsabilidades e beneficio e rendibilidade económica, apostando por un modelo de colaboración, autoorganización e asunción da responsabilidade individual sobre o colectivo, o reparto equitativo da riqueza e a protección dos dereitos, as liberdades e a natureza!

DEMOCRACIA FRONTE "OS MERCADOS"

MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR

PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE É A UNIÓN EUROPEA?

Redacción.

É unha organización política supranacional integrada por 28 estados. A UE constitúese nunha forma de confederación moderna, atípica e única, na que a soberanía está repartida entre a Unión e os estados que a integran.

CALES SON AS INSTITUCIÓNS DA UNIÓN EUROPEA?

A UE conta cun sistema de goberno híbrido, no que se conxugan institucións baseadas na cidadanía europea e outras derivadas dos acordos entre algúns ou todos os estados que o integran.

Parlamento europeo (PE): é unha cámara composta por 766 deputados elixidos polo sufraxio da cidadanía europea en circunscricións estatais. O PE é en teoría a institución suprema da UE, ten atribucións lexislativas, presupuestaria e escolle á Presidenta da Comisión Europea.

Consello da Unión Europea (CUE): O CUE é en realidade un cúmulo de consellos formados polas ministras de cada un dos estados membros da Unión. Así hai un Consello de Asuntos Exteriores, outro de Económicos e Financeiros,... O CUE ten potestades lexislativas, presupuestarias e executivas, unhas veces de xeito colexiado co PE e outras de forma exclusiva (como é o caso dos asuntos exteriores e de "defensa")

Consello europeo (CE): É un consello formado polos xefes de goberno e/ou estado de cada un dos estados e pola presidencia da Comisión Europea e o da propia CE. En teoría o CE é unha institución sen atribucións específicas, pero en realidade, é o centro onde se toman as decisións máis importantes da UE. Así, os CE de fins de 2011 e comezos

de 2012 foron os que consolidaron as políticas de "austeridade" responsables de aínda máis recortes de dereitos sociais nos países "pobres" da UE.

"En teoría o Consello Europeo é unha institución sen atribucións específicas, pero en realidade, é o centro onde se toman as decisións máis importantes da UE."

Comisión europea (COE): Ten dous niveis, un inferior composto por unhas 38.000 funcionarias, e un superior composto por unha presidenta escollida polo CE e un "Colexio de Comisarias" formado por cargos nomeados polos estados membros que asumen unha carteira determinada (xustiza, industria,...). A COE é a auténtica forza executiva da UE, é a encargada de desenvolver e velar pola aplicación das leis e tratados acadados nas outras institucións da UE. Así, a Comisión de Pesca é a que concreta as cotas de cada frota según o principio da Política Pesqueira Común e os estudos científicos específicos.



Foto: C. Kogo.

Tribunal de Xustiza da UE (TXUE): Encárgase de interpretar e aplicar o Dereito da UE. Está composto polo Tribunal de Xustiza e un Tribunal Xeral, ademais existen Tribunais especializados. Todos teñen carácter vinculante para os

estados membros da UE. O TXUE acepta recursos de estados e de particulares, como foi no caso no que, gracias a un recurso particular, se obrigou ao estado español a abolir a "Doctrina Parot".

Banco Central Europeo (BCE): É o banco encargado de manexar a política monetaria dos 18 Estados da Eurozona: define e executa a política monetaria do Euro, dirixe as operacións de cambio de divisas, coida as reservas exteriores do Sistema Europeo de Bancos Centrais e promove o bo funcionamento do mercado financeiro.

A QUE BENEFICIA A UNIÓN EUROPEA?

A UE é en realidade unha refundación das "Comunidades Europeas" (a do Carbón e o Aceiro, a da Enerxía Atómica, a Económica Europea, a de Defensa,...) e Unidade Europea de Occidental; institucións creadas nos anos 50 e 60 co dobre obxectivo de potenciar o capitalismo supranacional e oporse ao desenvolvemento do bloque socialista.

A UE, instituída en 1993, aínda que fose adornada coa cidadanía europea e uns dereitos civís moitas veces vulnerados, é en realidade unha ferramenta que empregan as élites económicas e gubernamentais para perpetuarse no poder.

"A UE, aínda que fose adornada coa cidadanía europea, é en realidade unha ferramenta das élites para perpetuarse no poder."

Boa prova disto é a falta de democracia, transparencia e congruencia da UE. Na práctica a UE non procura o benestar da poboación, nen unha cidadanía activa, nen facer medrar a capacidade de autogoberno dos pobos e as pequenas comunidades. As institucións con máis poder na UE (CUE, CE, CEO e BCE) nen sequera se derivan do sufraxio universal

da cidadanía europea, se non que son designados pola élite gubernamental (os dirixentes estatais), convertendo ao PE nun parlamento sen poder real.



Foto: Zacarias Abad.

Na práctica, a CUE, o CE, a COE e o BCE, son institucións instrumentalizadas polos lobbys empresariais e os estados máis poderosos, dende as que se impoñen medidas antipopulares e que incluso van en contra dos principios da UE. Dúas probas disto son os límites que se puxeron durante anos ao libre movemento das cidadás de Rumanía e Bulgaria (xa que nese momento xa non facía falta tanta man de obra barata), ou que, mentres se abolían moitas outras fronteiras, se mantivera artificialmente as fronteiras entre os sistemas bancarios (preservando así os paraísos bancarios e as comisións na transferencias entre estados).

QUE PODES FACER TI?

Infórmate de como funciona a UE e oponte a UE do capital. Intégrate e participa en iniciativas e proxectos que favorezan o desenvolvemento solidario e sostible nas diversas escalas, dende o local ate o global.

SABES CANTO INVISTE A UE EN DEFENSA?

Baladre*.

Sabías que o gasto militar dos países da UE supera os 200.000 millóns de euros ao ano? Sabías que Reino Unido, Francia, Alemaña e Italia figuran entre os dez países con maior gasto militar no ano 2012?

Sabías que, contando os efectivos dos exércitos en Europa, das forzas "paramilitares" e das forzas de reservistas, Europa conta con máis de 6 millóns de persoas adestradas e dispostas para a guerra e a intervención militar?

Sabías que 24 dos 28 países da UE coordinan a súa política militar baixo a OTAN?



Foto: Rock Cohen.

Sabías que a UE participou ata agora en trinta e cinco operacións militares no exterior, contando con forzas militares propias e dos estados membros? Sabías que pode despregar entre 50-60.000 soldados a máis de 4.000 km de distancia e de sesenta días e mantelos durante un ano en guerra?

Sabías que a UE ten o segundo complexo militar industrial máis potente do planeta e que a suma das vendas anuais de armas das industrias militares de países da UE superan os 115.000 millóns de dólares?

Sabías que a UE conta con estruturas militares propias que duplican as dos estados que a integran: ten un Estado

Maior da Defensa, unha Axencia Europea de Defensa, un Comité Militar, un servizo de espionaxe, cuarteis xerais, corpos de exército, entre outros?

"Sabías que existe unha "doutrina" de seguridade da UE e que na súa definición e control non pintan nada nin o Parlamento Europeo, nin ningún dos órganos representativos da UE?"

Sabías que existe unha "doutrina" de seguridade da UE e que na súa definición e control non pintan nada nin o Parlamento Europeo, nin ningún dos órganos representativos da UE?

Sabías que a política do Frontex desenvolve unha postura militar para o tratamento das migracións?

A política de seguridade da UE está altamente militarizada e ten un enfoque ofensivo e intervencionista. Existe un potente lobby militar que inflúe decisivamente nesta política e na construción dun polo militar-industrial que promova a venda de armas e a exportación de conflitos internacionais. Toda esta política págase cos impostos da cidadanía e practícase de costas á sociedade e sen contar coa súa opinión. É insolidaria coas necesidades sociais europeas e do resto do mundo e tan só busca fortalecer os intereses da oligarquía do capital. Pódese aspirar á desmilitarización da defensa en Europa e no planeta e apostar pola seguridade humana en vez da seguridade militar. Pero a UE non o fai.

** Texto extraído da campaña "De que vai a UE" (Baladre, CGT e Ecoloxistas en acción):
http://www.coordinacionbaladre.org/sabias_que*

"LA COMPLEJA CONSTRUCCIÓN DE LA 'EUROPA' SUPERPOTENCIA."

Lapsus distribuidora alternativa*.

"Este libro trata da inviabilidade e insustentabilidade a medio e longo prazo do proxecto europeo e a necesidade do seu desmantelamento"

"La compleja construcción de la 'Europa' superpotencia. Una aportación al debate sobre el futuro del Proyecto Europeo y las resistencias que suscita", Ramón Fernández Durán (Virus editorial), é un libro pretende ser unha análise do longo camiño percorrido dende a construción da Europa do capital e das resistencias ata o seu despregamento, así como unha proposta acerca da necesidade de deconstruír o proxecto europeo para conseguir un mundo máis xusto e sustentable. Aborda o rapto de Europa polo capital ao longo da historia; os porqués do inicio da construción do proxecto europeo e da súa evolución; a forxa da UE co Mercado Único e a moeda única; o mundo post-11-S, unha nova ameaza para

unha UE que acentúa a súa proxección cara ao leste; a inviabilidade e insustentabilidade a medio e longo prazo do proxecto europeo e a necesidade do seu desmantelamento, transcendendo tamén os Estados-nación que o compoñen, co obxecto de abrir novas vías de transformación político-social dende abaixo.



*lapsus@sindominio.net.

"CALIBAN E A BRUXA. MULLERES, CORPO E ACUMULACIÓN ORIXINARIA."

Cárcere=Tortura.

Gustaríanos recomendar este libro, pois consideramos fundamental para comprender a situación actual na que nos atopamos entender o pasado e as loitas que nel se desenvolveron. Silvia Federici fálanos das movementos milenaristas e heréticos, a loita polo común, mulleres e a herejía, as loitas urbanas, a política sexual, o surximento do Estado e a contrarrevolución, a privatización da terra, a depreciación do traballo feminino, a época da queima de bruxas, a caza de mulleres... que se sucederon en Europa e no "novo mundo". A historia das mulleres e da dura represión que sufriron non deixa de ser a mesma historia que esta sucedendo hoxe día, diferentes épocas diferentes medios represivos, diferentes formas de resistencia e liberación.

Porque só a acción faranos libres... Nin un paso atrás!!!
Pode descargar a obra en <http://www.traficantes.net/libros/caliban-y-la-bruja>



POLÍTICA ENERXÉTICA DA UE:

Verdegaia.

DISCURSO OFICIAL

O obxectivo da UE "20-20-20", que promove acadar en 2020 unha diminución do 20% na emisión dos gases de efecto estufa (GEE), mellorar a eficiencia enerxética nun 20% e que as enerxías renovábeis xeren 20% do total da enerxía, non é máis que un lavado de cara verde que non se reflicte nas políticas que adopta na realidade.

NA REALIDADE

- Promoción da enerxía nuclear no mix enerxético.
- Subvencións a sectores altamente consumidores de enerxía como a automoción ou a aviación.
- Sistema de Comercio de Emisións dos GEE, transmitindo que todo se pode mercantilizar e que o investimento en vez de procurar a redución no consumo debe utilizarse para mercar o dereito a consumir e contaminar aínda máis.




Ilustración
<http://periantio>

MIX ENERXÉTICO

Cambio efectivo do mix enerxético, substituíndo as fontes de enerxía non renovábeis (petróleo, gas, nuclear) polas renovábeis (eólica, solar, mareomotriz), acompañado de medidas fiscais que reflectan o verdadeiro custe social e ambiental xerado por cada unha delas: contaminación, destrución de ecosistemas, desprazamento de pobos...

O investimento nas renovábeis e a implantación de medidas que maximicen a eficiencia enerxética. Estes son sectores cunha elevada capacidade para crear postos de traballo e polo tanto son unha das saídas á actual crise capitalista.

SUFICIENCIA

A política económica europea centrada no ciclo productivismo-consumismo xera un continuo aumento da demanda de enerxía, xustificando así a necesidade de contar coa enerxía nuclear ou os combustíbeis fóséis.


Nunha sociedade que promova a suficiencia, a produción enerxética debe limitarse a satisfacer as reais necesidades das persoas e non as de sectores e intereses alleos á cidadanía.

SOBERANÍA ENERXÉTICA

A dependencia dos combustíbeis fóséis anula a soberanía enerxética e conduce a tensións xeopolíticas xeradoras de guerras e miseria.

Fronte á rede europea de enerxía cumpre orientar a produción enerxética ás necesidades de cada pobo camiñando así cara ao autoabastecemento.

As enerxías renovábeis teñen aquí unha importante vantaxe comparativa xa que practicamente en calquera comarca se pode aproveitar a enerxía do vento, do Sol ou das mareas, permitindo unha efectiva descentralización e achegar o local de produción ao local de consumo.





MAIO

			1 1º de MAIO	2 Concentração às 10 hrs. na porta do Conselho pelo solução das Ajudas de Emergência Municipais.	3 Obradoiro de Intelectión a "Arduiro", de 11 a 18 hrs no Alg-Lab inscritos 18 €, ou 60 € (co 191 Arduiro Baste)	4
5 obradoiro de pilates, às 10 hrs. na Cova dos Ratos	6 obradoiro de austeria, às 19 horas na Cova dos Ratos	7 obradoiro de pilates, às 17 horas na Cova dos Ratos	8 assembleia aberta A Bola, às 19 no Bon Eva	9 presentação do ensaio "Politicamente Incorreta" de Teresa Moum, às 20:30 no Bon Eva	10 Lectura dramatizada de "Uma morte laral" da travada do Bon Eva, de Julián Rodríguez Nova, às 20:30 no Bon Eva	11 V andaina do Calineiro, saída às 10:30 dando a cravada de As Neves
12 obradoiro de pilates, às 10 hrs. na Cova dos Ratos	13 obradoiro de austeria, às 19 horas na Cova dos Ratos	14 obradoiro de pilates, às 17 horas na Cova dos Ratos	15	16 "Que volvan as flores" da eta. Pisando ovos no Teatro Emalle, entre 05 e 9 €, às 22h.	17 "Que volvan as flores" da eta. Pisando ovos . no Teatro Emalle, entre 05 e 9 €, às 22h.	18 "Que volvan as flores" da eta. Pisando ovos . no Teatro Emalle, entre 05 e 9 €, às 21h)
19 obradoiro de pilates, às 10 hrs. na Cova dos Ratos	20 obradoiro de austeria, às 19 horas na Cova dos Ratos	21 obradoiro de pilates, às 17 horas na Cova dos Ratos	22 Pinchada colectiva de vinelos, desde às 21 na Cova dos Ratos.	23	24 "Movemento Blooming" de Cristina Montero / Rui Ballús, no Teatro Emalle, entre 05 e 9 €, às 22h	25 "Movemento Blooming" de Cristina Montero / Rui Ballús, no Teatro Emalle, entre 05 e 9 €, às 21h
26 obradoiro de pilates, às 10 hrs. na Cova dos Ratos	27 obradoiro de austeria, às 19 horas na Cova dos Ratos	28 obradoiro de pilates, às 17 horas na Cova dos Ratos	29	30	31	

**pepe garcía, de “cobrador del frack”
teña as facturas de J.B. e Chivas ...
ou pagha xa, ou pode ter outra caída**



carlos casab

SUPERPOBOACIÓN E SUPERPODERES.

Juan Pablo Forti.

O ser humano hoxe aprópiase de máis da metade da produción anual de biomasa. "Onde está o límite ao seu crecemento?", pregúntase Alan Weisman no seu último libro, no que investiga a distribución da "superpoboación" nun planeta que se converte en campo de batalla polos recursos. Cita por exemplo, o caso dos recursos hídricos de Gaza e Cisjordania, únicos da contorna sen esgotar. Os territorios baixo control de Israel, teñen capacidade para soste-lo 3 millóns de persoas, mais xa son 12. Necesitan máis auga da que dispoñen, e as súas reservas esgótanse, como as do petróleo no planeta.



Foto: Zuhair Ahmad.

Cando Saddam era dos nosos e quería roubarlle o ouro negro a Irán, o monarca iraní pedía ás mulleres que tivesen fillos para repoboar o país. Estas responderon. Dez anos máis tarde, un membro do goberno alertou da incapacidade da súa economía para empregar a tanta xuventude. Iniciáronse entón políticas de control da natalidade, baseadas na educación e na distribución de anticonceptivos. Resultaron, e hoxe Irán ten crecemento cero. Conseguírono antes que os chinos, coas súas violentas imposicións.

Non hai paz sen control demográfico. Disque o teito da poboación humana oscila entre 2 e 5 millardos, segundo querencias, e as tecnoloxías das que dispoñamos. Precisamente, escoitei dun físico nuclear iraní, chamado Mehran T. Keshe, formado en Francia nos anos setenta e que ao parecer desenvolveu unha teoría da unificación magnética e gravitatoria baseada na interacción entre materia, antimateria e materia escura. Este home di estar perseguido e liberou por tanto as patentes dos seus inventos, disponibles xa para todos: mecanismos antigravitarios, naves espaciais, reactores de enerxía ilimitada, curación de moitas enfermidades... será verdade?

"Antes ben, é necesario tal desenvolvemento tecnolóxico? Hoxe xa podemos repartir o que hai, ser felices, tomar colectivamente o camiño da paz e da sostibilidade..."

Antes ben, é necesario? Hoxe xa podemos repartir o que hai, ser felices, tomar colectivamente o camiño da paz e da sostibilidade... O asunto mete medo! Unhas poucas "superfamilias" parecen decidir o destino de todo o planeta, controlando a alquimia financeira, medios de produción, mecanismos democráticos e exércitos... os resultados á vista están. De qué serán capaces con todos aqueles superpoderes tecnolóxicos, que tentarían posuír? Mellor iríamos todos se traballasen máis a decencia, a consciencia, e por que non, o amor.

Parche.

Por Asociación Protectora de Animais de Ponteareas "Biosbardos".

Certo día... Xiana ía cara á escola coa súa nai como tódalas mañás, cando pasaron por diante do escaparate dunha tenda nova. Tiña un enorme e fermoso letreiro de moitas cores que puña:

XOQUETES

Xiana xa sabía ler moi ben e tirou do brazo da súa nai cara o escaparate da tenda. Alí, diante dos seus ollos... estaba o canciño de peluche... máis fermoso do mundo!!!!

Tiña tódalas cores do arco da vella e un ollar doce.....

- Mamá! - dixo Xiana - Mércame ese can! É precioso....

A nai, sabía que Xiana era una nena caprichosa que se aburría rápido dos xoguetes, non os coidaba, senón que os rompía, e cando xa non valían, botábaos ó lixo. A nai mirouna e díxolle:

- Xiana, só cho mercarei, se prometes coidalo e non estragalo.

- Si, sii,siii! - dixo Xiana.

- Cando saías da escola mercarémolo.

Xa no cole, Xiana contoulle no recreo ós seus compañeiros o bonito que era o cadeliño que lle ían mercar.

Ó saír da escola, foron recollela os seus pais, para ir á tenda de xoguetes. Cando entraron na tenda, a Xiana o can aínda lle pareceu máis bonito ca antes e quedou pasmada a miralo... O pai que se deu conta díxolle:

- Xiana, prométesme que vas coidar o peluche?

- Si, sii, siii! - dixo Xiana.

E... si, sii, siii! Así foi...

En menos tempo do que canta un galo, todos ían cara á casa: papá, mamá, Xiana e o canciño de peluche. Xa na casa, Xiana levaba todo o tempo o can no colo... Peiteouno e cantoulle fermosas cancións que lle ensinaran na escola.

Cando a súa nai a bañou, tapou o canciño cunha mantiña nunha cesta, para que durmisse. Cando o seu pai tivo a cea lista e os tres sentaron á mesa para cear, Xiana sentou o cadeliño ao seu carón. Pola noite durmiu abrazadiña a el.

O día seguinte era sábado, e os pais de Xiana levárona ó parque. Ela levou o seu novo e relucinte cadeliño de peluche, ensinoullo a tódolos nenos, que non facían máis que dicir:

- Que cores máis fermosas ten!

- Que bonitiño é....!

- Déixasme xogar con el?

Foi un día estupendo!

Pola noite, na casa, cando a súa nai a bañaba, Xiana contáballe tódalas cousas que lle dixeran os seus amigos do canciño.

Pero Xiana... non se lembrou de coller o can e poñelo na cestiña tapado a durmir, tiña tanto que contar...

Cando o pai preparou a cea e sentaron todos á mesa, Xiana contoulles como xogaron ás agachadas e Lois non a atopara.

Pero Xiana...non se lembrou de buscar o canciño e sentalo ó seu carón.

Cando foi para a cama, adormeceu en nadiña, estaba moi cansa.

Pero Xiana...non se lembrou de coller o canciño, para durmir abrazadiña a el.

Pola mañá o sol que entraba pola fiestra espertou a Xiana, saltou da cama e vestiuse. Era unha fermosa mañá de domingo, e despois de almorzar foron outra vez ao parque. Xiana tirouse polo tobogán e randeouse. Máis tarde chegou a súa amiga Carme:

- Ola Xiana! Onde tes o teu canciño? Gustaríame xogar con el.

Xiana non lembraba que fixera con el, apetecíalle xogar á pita... Xiana seguiu xogando con Carme.

Pasaron moitos días e pasaron moitas noites... Pero unha mañá cando Sofía xa ía marchar do parque... viu algo estraño detrás dun banco... acercouse... e...

Sabedes que era?

Alí estaba o canciño de peluche!

Estaba moi sucio, roto e un daqueles fermosos ollos de botón faltáballe... A Sofía pareceulle o can máis fermoso do mundo, colleuno con moito xeito e correu cara ós seus pais berrando.

- Mirade! Mirade! Atopei un cadeliño fermoso!

Os seus pais, non entendían nada... Era un can roto, feo e vello. Pero Sofía, sabía ollar como só o fan os nenos, ela miraba máis alá dos seus rotos e a súa sucidade... Levárono a casa, remendárono, lavárono e coséronlle outro botón de ollo. Cando remataron, o cadeliño estaba máis fermoso aínda que de novo. Sofía e os seus pais, nunca, nunca, nunca XAMÁIS o esqueceron en ningún parque, e nunca, nunca, nunca XAMÁIS o deixaron de querer, aínda que fose vello.

E por iso o canciño PÁRCHE sempre, sempre, sempre será a nosa mascota.



FIN

A BOIA ENTREVISTA A...

LUCÍA MAINA,


PERIODISTA-COMUNICADORA SOCIAL, DIFUSORA DA LOITA
CONTRA OS MONOCULTIVOS DE TRANXÉNICOS E O USO DE
AGROTÓXICOS NA ARXENTINA.

Como te implicaches na loita contra os tranxénicos?

Básicamente porque como periodista comecei a investigar sobre as denuncias e loitas que se viñan dando entre a veciñanza de Córdoba, da cal tamén son veciña.

Que dimensións ten o cultivo de tranxénicos na Arxentina?

É o terceiro país produtor de tranxénicos a nivel mundial, con 24 millóns de hectáreas, que significa o 75% da superficie cultivada.



E cal é o produto dese cultivo tranxénico?

Principalmente prodúcese soia e millo tranxénico, que na súa maioría é exportada. O principal importador de soia arxentina é a UE, cun 30 %, e dentro disto é o estado español o que máis recibe. Outro gran importador é China. Anteriormente esa produción era para o alimento do gando, pero últimamente, dun xeito crecente, adícase para os mal chamados

"biocombustibles"; que en realidade deben chamarse agrocombustibles, porque de "bio" non teñen nada.

A quen beneficia este tipo de produción e comercialización?

Este modelo de cultivos de tranxénicos beneficia sobre todo a grandes corporacións, como a multinacional Monsanto. Estase producindo unha concentración da propiedade da terra, profundizándose a desigualdade económica e social.

En que consiste o "paquete do cultivo tranxénico"?

É un paquete tecnolóxico que inclúe a sembra directa (non se aplica ningún medio mecánico para labrar a terra e limpar o cultivo), as fumigacións con pesticidas, insecticidas e herbicidas, e a propia semente tranxénica resistente a aqueles agrotóxicos.

É por tanto certo que cultivo tranxénico reduce o uso de agrotóxicos?

Non, todo o contrario. As evidencias en Arxentina dicen que aumentou ano a ano a cantidade de agrotóxicos aplicados nun 800%.

"As evidencias dicen que en Arxentina, o cultivo tranxénico fixo que aumentase a cantidade de agrotóxicos aplicados nun 800%."

Como afecta os cultivos de transxénicos á poboación da provincia de Córdoba?

Lle afectan en moitos sentidos. Fundamentalmente na saúde, a través de casos de cancro, malformacións, abortos,... actualmente comprobouse tamén danos xenéticos nas crianzas expostas. Pero tamén a nivel ambiental, coa debastación da flora e fauna da zona.

Por que se fan as fumigacións de noite?

Hai quen dí que é convinte a nivel técnico, polos ventos. Pero fundamentalmente ten que ver con que cada vez hai máis cuestionamento a esta actividade. Fumigando de noite pretendese ocultala á poboación, especialmente á veciñanza das cidades que se atopan rodeadas de campos de cultivo transxénico.

Hai algún límite legal aos cultivos transxénicos e as fumigacións ?

Sí hai límites, hai leis, pero son mínimas, moi permisivas. Así a regulación existente permite aplicar glifosato xunto as casas, as escolas, os campos de xogo das crianzas,... polo tanto non se está a protexer a saúde da poboación.

"A regulación existente é moi permisiva; é legal aplicar glifosato xunto as casas, as escolas,... non se está a protexer a saúde da poboación."



Pode citar algún exemplo de resistencia popular aos cultivos transxénicos na vosa provincia?

Hai dous casos centrais. O primeiro foi a loita dun grupo de veciñas do barrio Ituzaingó, na cidade de Córdoba, que conseguiron que por primeira vez fosen condenadas como delito as fumigacións con agrotóxicos. E o outro, é o que se está dando actualmente nas cidades de Río Cuarto e Malvinas Argentinas, que están impedindo que Monsanto instale as súas propias factorías na provincia de Córdoba



Como foi recibida esta resistencia popular pola autoridade?

Houbo diferencias. No caso de Río Cuarto, ante a presión popular, finalmente o alcalde acabou negando o permiso á multinacional; expresando el mesmo que o facía para preservar a paz social. Pero no caso da cidade de Malvinas Argentinas, na que a situación aínda non está resolta, esta habendo moitos casos de represión; violencia policial, e tamén de grupos de presión sindical, non se sabe exactamente, se é que foron enviados polo goberno ou a mesma empresa; chegou a haber feridos nos disturbios, ameazas de morte,...

